



los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

En el supuesto de no presentarse reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo de aprobación de la ordenanza, de conformidad con el artículo 17.3 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, Reguladora de las Haciendas Locales.

Maside, 29 de septiembre de 2014. El alcalde.
Fdo.: Celso Fernández López.

R. 3.625

A Mezquita

Ordenanza municipal reguladora da tenza de animais potencialmente perigosos

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto desta ordenanza é a regulación da tenza de animais potencialmente perigosos pola concesión dunha licenza que outorga o concello, en cumprimento do establecido no artigo 3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, para a tenza de animais potencialmente perigosos, e o seu Regulamento de desenvolvemento, polo Real decreto 287/2002, do 22 de marzo.

Quedan excluídos da aplicación desta ordenanza os cans e animais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos de Policía das comunidades autónomas, Policía Local e empresas de seguridade con autorización oficial, tal e como di a Lei 50/1999, do 23 de decembro.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación

A ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal da Mezquita, deberá ser cumprida por toda persoa física ou xurídica, e afectará a todos os habitantes deste municipio.

Artigo 3.- Animais potencialmente perigosos

Para os efectos previstos no artigo 2.2 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, terán a consideración de cans potencialmente perigosos:

- Os cans que pertencen a estas razas ou que están cruzados:

- a) Pit Bull Terrier.
- b) Staffordshire Bull Terrier.
- c) American Staffordshire Terrier.
- d) Rottweiler.
- e) Dogo Arxentino.
- f) Fila Brasileiro.
- g) Tosa Inu.
- h) Akita Inu.

Os cans, salvo que se trate de cans-guía ou de cans de asistencia acreditados e adestrados en centros oficialmente recoñecidos, conforme á lexislación autonómica ou, se é o caso, estatal, así como aqueles cans que se atopan en fase de instrución para adquirir esa condición, que reúnan todas ou a maioría das características seguintes:

- a) Forte musculatura, aspecto poderoso, robusto, configuración atlética, axilidade, vigor e resistencia.
- b) Marcado carácter e gran valor.
- c) Pelo curto.
- d) Perímetro torácico comprendido entre 60 e 80 centímetros, altura á cruz entre 50 e 70 centímetros e peso superior a 20 kg.
- e) Cabeza voluminosa, cuboide, robusta, con cranio ancho e grande e fazulas musculosas e abombadas. Mandíbulas grandes e fortes, boca robusta, ancha e profunda.
- f) Pescozo ancho, musculoso e curto.
- g) Peito macizo, ancho, grande, profundo, costelas arqueadas e lombo musculoso e curto.

h) Extremidades anteriores paralelas, rectas e robustas e extremidades posteriores moi musculosas, con patas relativamente longas formando un ángulo moderado.

En todo caso, aínda que non se atopen incluídos no apartado anterior, serán considerados cans potencialmente perigosos aqueles animais da especie canina que manifesten un carácter marcadamente agresivo ou que protagonizaran agresións a persoas ou a outros animais.

Nos supostos contemplados no parágrafo anterior, a potencial perigosidade haberá de ser apreciada pola autoridade competente atendendo a criterios obxectivos, ben de oficio ou ben tras ser obxecto dunha notificación ou dunha denuncia, previo informe dun veterinario, oficial ou colexiado, designado ou habilitado pola autoridade competente autonómica ou municipal.

Artigo 4.- A licenza municipal

Toda persoa que queira ser propietario dun animal potencialmente perigoso, tanto dun can dunha das razas referidas no artigo anterior como dun can con todas ou a maioría das características enumeradas no citado precepto, deberá solicitar previamente unha licenza.

A obtención dunha licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos devindicaráse unha taxa municipal. A contía quedará fixada na súa correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 5. Órgano competente para outorgar a licenza

O alcalde da Corporación será o competente para poder outorgar as licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, en cumprimento do artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local.

Artigo 6.- Requisitos para a solicitude da licenza

Para obter a licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos necesítase acreditar os seguintes requisitos:

Ser maior de idade.

Non ser condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas, contra a liberdade sexual e a saúde pública, asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á tenza de animais potencialmente perigosos.

Certificado de aptitude psicolóxica e física.

Acreditación de haber formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poidan ser causados polos seus animais, por unha contía mínima de 120.000 euros.

Non ser sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das recollidas no artigo 13.3 da Lei 50/1999, do 23 de decembro.

Artigo 7.- Prazo

A licenza terá un período de duración de cinco anos, tras o cal deberá ser renovada por períodos sucesivos de igual duración e polo mesmo procedemento.

A licenza perderá a súa vixencia no momento en que o seu titular deixe de cumprir cos requisitos necesarios para que lle sexa concedida.

Calquera variación dos datos que figuran na licenza deberá ser comunicada polo seu titular, no prazo de quince días desde que se produza, ao alcalde.

Artigo 8.- Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos

O titular da licenza de tenza de animais potencialmente perigosos ten a obriga de solicitar a inscrición no Rexistro Municipal dentro dos quince días seguintes á data en que se obtivo a correspondente licenza, debendo achegar os seguintes datos:

Os datos persoais do posuidor.

As características do animal.

O lugar habitual de residencia do animal.

O destino do animal, a:

Convivir cos seres humanos.

Finalidade distinta, por exemplo, a garda, protección...

Artigo 9.- Identificación

No caso de cans potencialmente perigosos, os propietarios, criadores ou posuidores terán a obriga de identificar o animal mediante un microchip, que deberá implantarse ao animal.

Artigo 10.- Obrigas dos posuidores

O titular da licenza ten a obrigación de solicitar a inscrición no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos dentro dos quince días seguintes á data en que obteña a correspondente licenza.

- A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espazos públicos esixirá que a persoa que os conduza e controle leve consigo a licenza administrativa e a certificación acreditativa da inscrición do animal no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

Os cans potencialmente perigosos deberán levar obrigatoriamente bozo, apropiado para a tipoloxía racial de cada animal, en lugares e espazos públicos.

Deberán ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de menos de dous metros, sen que poida levarse máis dun destes cans por persoa.

Se o animal se atopa nunha leira, casa de campo, chalé, parcela, terraza, patio ou calquera outro lugar determinado, deberán estar atados, a non ser que dispoña de habitáculo coa superficie, altura e adecuado cerramento, para protexer ás persoas ou animais que acceden ou se acheguen a estes lugares.

A subtracción ou perda do animal deberá ser comunicada polo seu titular ao responsable do Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos, no prazo de corenta e oito horas desde que teña coñecemento deses feitos.

- A venda, traspaso, doazón, roubo, morte ou perda do animal deberá comunicarse ao Rexistro Municipal.

- Polo traslado dun animal potencialmente perigoso dunha comunidade autónoma a outra, se é por un período superior a tres meses ou de xeito permanente, deberá efectuar as inscricións oportunas nos rexistros municipais.

- Nas follas rexistradas de cada animal farase constar igualmente o certificado de sanidade animal expedido pola autoridade competente que acredite, anualmente, a inexistencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigoso.

Artigo 11.- Infraccións e sancións

Para os efectos desta ordenanza, as infraccións clasifícanse en moi graves, graves e leves. O coñecemento por parte do concello, xa sexan de oficio ou por denuncia, da comisión dalgunha das infraccións reguladas no artigo 13 da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, no ámbito das súas competencias, avalará o inicio do expediente sancionador. Serán de aplicación as sancións do artigo 13.5 da Lei 50/1999, do 23 de decembro.

Disposición transitoria

O prazo do que dispoñen os actuais posuidores, propietarios, criadores de animais potencialmente perigosos é de tres meses, desde a entrada en vigor desta ordenanza, para a solicitude da licenza.

Disposición final

Esta ordenanza será obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor unha vez que transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local.

Anexo

Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves as seguintes:

- Abandonar un animal potencialmente perigoso, de calquera especie, e calquera can, entendéndose por animal abandonado tanto aquel que vaia preceptivamente identificado, como os que non leven ningunha identificación sobre a súa orixe ou propietario, sempre que non vaian acompañados de ningunha persoa.

- Ter cans ou animais potencialmente perigosos sen licenza.

- Vender ou transmitir por calquera título un can ou animal potencialmente perigoso a quen careza de licenza.

- Adestrar animais para activar a súa agresividade ou para finalidades prohibidas.

- Adestrar animais potencialmente perigosos por quen careza do certificado de capacitación.

- A organización ou celebración de concursos, exercicios, exhibicións ou espectáculos de animais potencialmente perigosos ou a súa participación neles, destinados a demostrar a agresividade dos animais.

Terán a consideración de infraccións administrativas graves as seguintes:

- Deixar solto un animal potencialmente perigoso en lugares públicos sen bozo ou non suxeito con cadea.

- O transporte de animais potencialmente perigosos con vulneración do disposto no artigo 10 desta lei.

- A negativa ou resistencia a fornecer datos ou facilitar a información requirida polas autoridades competentes ou os seus axentes, en orde ao cumprimento de funcións establecidas nesta lei, así como o fornezo de información inexacta ou de documentación falsa.

Terán a consideración de infraccións leves o incumprimento das obrigas establecidas na lei, que non se regulen como infracción grave ou moi grave.

As infraccións leves, están sancionadas con multa desde 150 € ata 300 €.

As infraccións graves, desde 301 € ata 2.400 €.

As infraccións moi graves, desde 2.401 € ata 15.000 €.

As infraccións graves e moi graves poderán levar aparelladas sancións accesorias.

A Mezquita, setembro de 2014. O alcalde.

Asdo.: Rafael Pérez Vázquez.

Ordenanza Municipal Reguladora de la Tenencia de Animales Potencialmente Peligrosos

Artículo 1.- Objeto

El objeto de la presente ordenanza es la regulación de la tenencia de animales potencialmente peligrosos por la concesión de una licencia que otorga el ayuntamiento en cumplimiento de lo establecido en el artículo 3 de la Ley 50/1999, de 23 de diciembre, para la Tenencia de Animales Potencialmente Peligrosos, y su Reglamento de desarrollo, por el Real Decreto 287/2002, de 22 de marzo.

Quedan excluidos de la aplicación de esta ordenanza los perros y animales pertenecientes a las Fuerzas Armadas, Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, Cuerpos de Policía de las comunidades autónomas, Policía Local y empresas de seguridad con autorización oficial, tal y como dice la Ley 50/1999, de 23 de diciembre.

Artículo 2.- Ámbito de aplicación

La ordenanza será de aplicación en todo el término municipal de A Mezquita, deberá ser cumplida por toda persona física o jurídica, y afectará a todos los habitantes de este municipio.



Artículo 3.- Animales potencialmente peligrosos

A los efectos previstos en el artículo 2.2 de la Ley 50/1999, de 23 de diciembre, tendrán la consideración de perros potencialmente peligrosos:

Los perros que pertenecen a estas razas o que están cruzados:

- a) Pit Bull Terrier.
- b) Staffordshire Bull Terrier.
- c) American Staffordshire Terrier.
- d) Rottweiler.
- e) Dogo Argentino.
- f) Fila Brasileño.
- g) Tosa Inu.
- h) Akita Inu.

Los perros, salvo que se trate de perros-guía o de perros de asistencia acreditados y adiestrados en centros oficialmente reconocidos, conforme a la legislación autonómica o, en su caso, estatal, así como aquellos perros que se encuentren en fase de instrucción para adquirir esa condición, que reúnan todas o la mayoría de las características siguientes:

- a) Fuerte musculatura, aspecto poderoso, robusto, configuración atlética, agilidad, vigor y resistencia.
- b) Marcado carácter y gran valor.
- c) Pelo corto.
- d) Perímetro torácico comprendido entre 60 y 80 centímetros, altura a la cruz entre 50 y 70 centímetros y peso superior a 20 kg.
- e) Cabeza voluminosa, cuboide, robusta, con cráneo ancho y grande y mejillas musculosas y abombadas. Mandíbulas grandes y fuertes, boca robusta, ancha y profunda.
- f) Cuello ancho, musculoso y corto.
- g) Pecho macizo, ancho, grande, profundo, costillas arqueadas y lomo musculoso y corto.
- h) Extremidades anteriores paralelas, rectas y robustas y extremidades posteriores muy musculosas, con patas relativamente largas formando un ángulo moderado.

En todo caso, aunque no se encuentren incluidos en el apartado anterior, serán considerados perros potencialmente peligrosos aquellos animales de la especie canina que manifiesten un carácter marcadamente agresivo o que hayan protagonizado agresiones a personas o a otros animales.

En los supuestos contemplados en el párrafo anterior, la potencial peligrosidad habrá de ser apreciada por la autoridad competente atendiendo a criterios objetivos, bien de oficio o bien tras haber sido objeto de una notificación o una denuncia, previo informe de un veterinario, oficial o colegiado, designado o habilitado por la autoridad competente autonómica o municipal.

Artículo 4.- La licencia municipal

Toda persona que quiera ser propietario de un animal potencialmente peligroso, tanto de un perro de una de las razas referidas en el artículo anterior como de un perro con todas o la mayoría de las características enumeradas en el citado precepto, deberá solicitar previamente una licencia.

La obtención de una licencia para la tenencia de animales potencialmente peligrosos devengará una tasa municipal. La cuantía quedará fijada en su correspondiente ordenanza fiscal.

Artículo 5.- Órgano competente para otorgar la licencia

El alcalde-presidente de la Corporación será el competente para poder otorgar las licencias para la tenencia de animales potencialmente peligrosos, en cumplimiento del artículo 21.1.q) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

Artículo 6.- Requisitos para la solicitud de la licencia

Para obtener la licencia para la tenencia de animales potencialmente peligrosos se necesita acreditar los siguientes requisitos: Ser mayor de edad.

No haber sido condenado por delitos de homicidio, lesiones, torturas, contra la libertad sexual y la salud pública, asociación con banda armada o de narcotráfico, así como no estar privado por resolución judicial del derecho a la tenencia de animales potencialmente peligrosos.

Certificado de aptitud psicológica y física.

Acreditación de haber formalizado un seguro de responsabilidad civil por daños a terceros que puedan ser causados por sus animales, por una cuantía mínima de 120.000 euros.

No haber sido sancionado por infracciones graves o muy graves con alguna de las sanciones accesorias de las recogidas en el artículo 13.3 de la Ley 50/1999, de 23 de diciembre.

Artículo 7.- Plazo

La licencia tendrá un periodo de duración de cinco años, tras el cual deberá ser renovada por periodos sucesivos de igual duración y por el mismo procedimiento.

La licencia perderá su vigencia en el momento en que su titular deje de cumplir con los requisitos necesarios para que le sea concedida.

Cualquier variación de los datos que figuran en la licencia deberá ser comunicada por su titular, en el plazo de quince días desde que se produzca, al alcalde.

Artículo 8.- Registro Municipal de Animales Potencialmente Peligrosos

El titular de la licencia de tenencia de animales potencialmente peligrosos tiene la obligación de solicitar la inscripción en el Registro Municipal dentro de los quince días siguientes a la fecha en que se ha obtenido la correspondiente licencia, debiendo aportar los siguientes datos:

Los datos personales del tenedor.

Las características del animal.

El lugar habitual de residencia del animal.

El destino del animal, a:

Convivir con los seres humanos.

Finalidad distinta, por ejemplo, la guarda, protección...

Artículo 9.- Identificación

En el caso de perros potencialmente peligrosos, los propietarios, criadores o tenedores tendrán la obligación de identificar el animal mediante un microchip, que deberá implantarse al animal.

Artículo 10.- Obligaciones de los tenedores

El titular de la licencia tiene la obligación de solicitar la inscripción en el Registro de Animales Potencialmente Peligrosos dentro de los quince días siguientes a la fecha en que haya obtenido la correspondiente licencia.

La presencia de animales potencialmente peligrosos en lugares o espacios públicos exigirá que la persona que los conduzca y controle lleve consigo la licencia administrativa y la certificación acreditativa de la inscripción del animal en el Registro Municipal de Animales Potencialmente Peligrosos.

Los perros potencialmente peligrosos deberán llevar obligatoriamente bozal, apropiado para la tipología racial de cada animal, en lugares y espacios públicos.

Deberán ser conducidos y controlados con cadena o correa no extensible de menos de dos metros, sin que pueda llevarse más de uno de estos perros por persona.

Si el animal se encuentra en una finca, casa de campo, chalé, parcela, terraza, patio o cualquier otro lugar determinado, deberán estar atados, a no ser que disponga de habitación con la superficie, altura y adecuado cerramiento, para proteger a las personas o animales que acceden o se acerquen a estos lugares.

La sustracción o pérdida del animal deberá ser comunicada por su titular al responsable del Registro Municipal de Animales

Potencialmente Peligrosos, en el plazo de cuarenta y ocho horas desde que tenga conocimiento de esos hechos.

La venta, traspaso, donación, robo, muerte o pérdida del animal deberá comunicarse al Registro Municipal.

Por el traslado de un animal potencialmente peligroso de una Comunidad Autónoma a otra, si es por un período superior a tres meses o de manera permanente, deberá efectuar las inscripciones oportunas en los Registros Municipales.

En las hojas registrales de cada animal se hará constar igualmente el certificado de sanidad animal expedido por la autoridad competente que acredite, anualmente, la inexistencia de enfermedades o trastornos que lo hagan especialmente peligroso.

Artículo 11.- Infracciones y sanciones

A los efectos de la presente ordenanza, las infracciones se clasifican en muy graves, graves y leves. El conocimiento por parte del ayuntamiento, ya sean de oficio o por denuncia, de la comisión de alguna de las infracciones reguladas en el artículo 13 de la Ley 50/1999, de 23 de diciembre, sobre el Régimen Jurídico de la Tenencia de Animales Potencialmente Peligrosos, en el ámbito de sus competencias, avalará el inicio del expediente sancionador. Serán de aplicación las sanciones del artículo 13.5 de la Ley 50/1999, de 23 de diciembre.

Disposición transitoria

El plazo del que disponen los actuales tenedores, propietarios, criadores de animales potencialmente peligrosos es de tres meses, desde la entrada en vigor de la presente ordenanza, para la solicitud de la licencia.

Disposición final

La presente ordenanza será objeto de publicación íntegra en el Boletín Oficial de la Provincia, entrando en vigor una vez que haya transcurrido el plazo establecido en el artículo 65.2 de la Ley 7/1985, Reguladora de Bases de Régimen Local.

Anexo

Tendrán la consideración de infracciones administrativas muy graves las siguientes:

Abandonar un animal potencialmente peligroso, de cualquier especie, y cualquier perro, entendiéndose por animal abandonado tanto aquel que vaya preceptivamente identificado, como los que no lleven ninguna identificación sobre su origen o propietario, siempre que no vayan acompañados de persona alguna.

Tener perros o animales potencialmente peligrosos sin licencia.

Vender o transmitir por cualquier título un perro o animal potencialmente peligroso a quien carezca de licencia.

Adiestrar animales para activar su agresividad o para finalidades prohibidas.

Adiestrar animales potencialmente peligrosos por quien carezca del certificado de capacitación.

La organización o celebración de concursos, ejercicios, exhibiciones o espectáculos de animales potencialmente peligrosos o su participación en ellos, destinados a demostrar la agresividad de los animales.

Tendrán la consideración de infracciones administrativas graves las siguientes:

Dejar suelto un animal potencialmente peligroso en lugares públicos sin bozal o no sujeto con cadena.

El transporte de animales potencialmente peligrosos con vulneración de lo dispuesto en el artículo 10 de esta ley.

La negativa o resistencia a suministrar datos o facilitar la información requerida por las autoridades competentes o sus agentes, en orden al cumplimiento de funciones establecidas en esta ley, así como el suministro de información inexacta o de documentación falsa.

Tendrán la consideración de infracciones leves el incumplimiento de las obligaciones establecidas en la ley, que no se regulen como infracción grave o muy grave.

Las infracciones leves están sancionadas con multa desde 150 € hasta 300 €.

Las infracciones graves, desde 301 € hasta 2.400 €.

Las infracciones muy graves, desde 2.401 hasta 15.000 €.

Las infracciones graves y muy graves, podrán llevar aparejadas sanciones accesorias.

A Mezquita, septiembre de 2014. El alcalde.

Fdo.: Rafael Pérez Vázquez.

R. 3.612

Rairiz de Veiga

Edicto

Ao non presentaren ningunha reclamación contra o expediente de modificación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de escola infantil do Concello de Rairiz de Veiga, aprobado inicialmente polo Pleno do concello o día 01/08/2014, a devandita modificación da ordenanza queda definitivamente aprobada.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procédese á publicación do texto íntegro da modificación da devandita ordenanza.

Contra o acordo de aprobación definitiva desta modificación da ordenanza poderán interpoñerse un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Artigo 4º.- Cota tributaria

As cotas para satisfacer por este prezo público obteranse da aplicación das tarifas contidas no apartado seguinte (...).

Artigo 5º.- Cotas

1. O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 164,01 € mensuais.

2. (...)

Renda per cápita mensual da unidade familiar; prezo

Menor ou igual ao 50% do IPREM; 0.00 €

Igual ou maior ao 50% e inferior ao 75% do IPREM; 33,83 €

Igual ou maior ao 75% e inferior ao 100% do IPREM; 67,65 €

Igual ou maior ao 100% e inferior ao 125% do IPREM; 108,65 €

Igual ou maior ao 125% e inferior ao 150% do IPREM; 129,16 €

Igual ou maior ao 150% e inferior ao 200% do IPREM; 142,49 €

Igual ou maior ao 200% do IPREM; 164,01 €

(...)

4. (...)

c) Cando asistan ao centro varios irmáns/ás, o/a segundo/a e sucesivos/as gozarán dunha exención total da cota.

(...)

Artigo 10º.- Actualización dos prezos

A contía dos prezos establecidos nesta ordenanza actualizárase cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice de prezos de consumo (IPC) para a Comunidade Autónoma de Galicia, no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar en que se pretenda que produza efectos, e publicarase a nova lista de prezos no taboleiro de anuncios do concello e da escola infantil e informárase aos usuarios'.

Rairiz de Veiga, 29 de setembro de 2014. O alcalde.

Asdo.: Xosé Xaquín Rodríguez Ambrosio.